



Sr. Secretario Xeral de Calidade e  
Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre decisión do Estudio de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico O Barbanza (Boiro, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0058,

## EXPÓN:

1. Que de acordo co "*Documento de inicio*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto podería afectar a 8 hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea: 4020 Genisto berberideae-Ericetumtetralicis, 4020 Carici binervis-ericetum ciliaris, 4020 Cirsio filipenduli - ericetum ciliaris, 6230 Nardo strictae-Caricetum binervis, 6230 Violion caninae, 7150 Eleocharito multicaulis-Rhynchosporium albae, 7110 Arnicaetum atlanticae e 7110 Durieui - Sphagnetum papillosum.
2. Que, de acordo co "*Documento de inicio*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 9 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Hyla arborea*, *Circus pygargus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*).
3. Que o "*Documento de inicio*" continúa coa "tradición" de copiar e pegar texto de outros documentos previos do mesmo promotor sen molestarse tan siquera en adaptalo ao novo proxecto. Así na páxina 137 afirma textualmente que "*Las especies migradoras también se ven involucradas en colisiones, a pesar de que generalmente vuelan a más de 150 m de altura, muy superior a la altura de un aerogenerador y su pala*" cando a altura dos buxes dos aerogeneradores proxectados é de ata 120 m e o diámetro do rotor de ata 112 m, e dicir, unha altura total de ata 181 m.

Por todo o cal,

## SOLICITA:

Que o proxecto Parque Eólico O Barbanza (Boiro, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0058 se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que este:

1. Avalíe alternativas para evitar o impacto (de aerogeneradores e vias de acceso) sobre os 8 hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea existente na zona.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
  - a. *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Hyla arborea*: mortandade nos vias de acceso por atropelo



- e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
- b. *Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
  - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 11 de xuño de 2011